

RESOLUCIÓN REITORAL DEFINITIVA DE 1 DE FEBREIRO DE 2023 SOBRE A MOBILIDADE ENTRE CAMPUS DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR CON VINCULACIÓN PERMANENTE (RR 03/01/23)

No Consello de Goberno de 20 de decembro de 2019, aprobouse o acordo de mobilidade entre campus de persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo, onde se establece que con carácter previo á creación dunha nova praza con vinculación permanente nun determinado campus correspondente á reserva do 15% indicada, o persoal docente e investigador con vinculación permanente pertencente a esa área de coñecemento, poderá solicitar o cambio de adscrición de campus ao xerado pola praza a crear.

En aplicación deste acordo, o 3 de xaneiro de 2023, mediante Resolución Reitoral, publícase a convocatoria de mobilidade entre campus de persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo pertencente ás áreas de coñecemento seleccionadas no Consello de Goberno de 21 de decembro de 2022.

O 24 de xaneiro de 2023, publícase a Resolución Reitoral provisional sobre a mobilidade entre campus de persoal docente e investigador con vinculación permanente, finalizado o prazo para emendar ou presentar as oportunas alegacións sen que se tivesen recibido ningunha alegación,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Aprobar e facer publica a relación dos códigos e áreas de coñecemento das prazas correspondentes á reserva do 15% para persoal investigador doutor que finalizara o programa "Ramón y Cajal", cuxo contrato finalice no 2023, teña a certificación I3 e dispoña da acreditación correspondente de profesorado Titular de Universidade, seleccionadas no Consello de Goberno de 21 de decembro de 2022, cos campus definitivos (anexo I).

Asinado dixitalmente en Vigo

O reitor,
Por delegación RR 22/06/2022
O vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións

Alfonso Lago Ferreiro



Universidade de Vigo

Vicerreitoría de Profesorado, Docencia e Titulacións

ANEXO II

Relación dos códigos e áreas de coñecemento das 2 prazas correspondentes á reserva do 15% para persoal investigador doutor que finalizara o programa "Ramón y Cajal", cuxo contrato finalice no 2023, teña a certificación I3 e dispoña da acreditación correspondente de profesorado Titular de Universidade, seleccionadas no Consello de Goberno de 21 de decembro de 2022, para poder participar na convocatoria de mobilidade entre campus de persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo (RR 03/01/2023) cos campus definitivos.

CÓDIGO PRAZA	CATEGORÍA	ÁREA	DEPARTAMENTO	CENTRO	CAMPUS
TU2201-C02-420-TU-TC-01	PTU	EDAFOLOXÍA E QUÍMICA AGRÍCOLA (240)	BIOLOXÍA VEXETAL E CIENCIAS DO SOLO (C02)	101	OURENSE
TU2201-C04-819-TU-TC-01	PTU	ZOOLOXÍA (819)	ECOLOXÍA E BIOLOXÍA ANIMAL (C04)	302	VIGO

